

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN DE CARBALLIDO DE SERVIZOS SOCIAIS, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DO PROXECTO DA ESCOLA DO MAIOR DURANTE O EXERCICIO 2023**

Lugar e data de sinatura dixital

### **REUNIDOS**

#### **Dunha parte:**

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 124/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

#### **Doutra parte:**

Don Antonio Manuel Fernández Díaz, presidente da Asociación Carballido de Servizos Sociais, con DNI 33350316V, que actúa en nome e representación da entidade co NIF G01768811, de acordo co nomeamento do 26 de febreiro de 2020 outorgado segundo o disposto no artigo 23 dos seus estatutos, como así consta no rexistro de asociacións.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para que no nome das entidades que representan teñen conferidas

### **EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

**Segundo.-** Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

**Terceiro.-** Que a Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, ten entre as súas funcións e competencias impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social e Xuventude en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores en aplicación da Lei



13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. No marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

Neste eido, correspóndelle a planificación xeral dos servizos sociais coordinando a súa actuación e impulsando os programas das entidades prestadoras de servizos sociais coa finalidade de atender de forma ordenada e global as necesidades, render os recursos dispoñibles e garantir a calidade na prestación de servizos.

**Cuarto.-** Que a Asociación Carballido de Servizos Sociais, de natureza asociativa figura inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións de Lugo co número 2020/024181-1ª. Así mesmo, a entidade figura recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-7298 e ten por finalidade, de acordo cos seus estatutos, a atención ás persoas maiores para a mellora da súa vida persoal e social, e atrasar a saída da súa contorna, fundamentalmente a través da execución do proxecto da Escola do Maior. Este proxecto e as súas actuacións están comprendidas dentro das actividades establecidas nos estatutos da entidade.

**Quinto.-** Que ambas partes son conscientes do papel activo que deben desenvolver as persoas maiores na sociedade, tendo ademais en conta que son un colectivo cada vez máis numeroso e con maior formación e información, polo que é preciso desenvolver programas que promovan o envellecemento activo, fomenten a súa integración e participación na sociedade, a través de medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento deste tipo de programas por parte do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas maiores, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal das persoas maiores, mellorando a comunicación, conexión e relación coa contorna. A Asociación Carballido de Servizos Sociais leva a cabo o proxecto da Escola do Maior que ten, en todo momento, un carácter integrador, preventivo e asistencial, destinado á promoción, recuperación e mantemento da autonomía persoal das persoas maiores de 60 anos.

A Asociación Carballido de Servizos Sociais leva a cabo o proxecto na parroquia de Carballido (concello da Fonsagrada), parroquia na que máis da metade dos seus habitantes teñen máis de 60 anos. Ao mesmo tempo, gran parte das persoas máis novas *xóves*, non residen de maneira habitual nin desenvolven a súa actividade laboral na parroquia. Esta situación trae como consecuencia que moitas das persoas maiores vense obrigadas a deixar as súas vivendas para ingresar en centros residenciais. A través do proxecto da Escola do Maior favorécese a permanencia das persoas maiores en situación de dependencia na súa contorna, e foméntase a prevención das situacións de dependencia en persoas maiores que aínda gozan de autonomía, paliando así mesmo as situacións de illamento social que sofre gran parte deste colectivo.



O proxecto lévase a cabo no antigo centro escolar de Carballido, e ten un horario ininterrompido dende as nove e media da mañá ata as cinco e media da tarde.

As actividades incluídas na Escola do Maior están baseadas nunha atención integral, atendendo as preferencias dos usuarios. Trátase dunha intervención terapéutica de apoio ao envellecemento, para favorecer e promover a autonomía das persoas usuarias.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Xuventude subscribir un convenio de colaboración coa entidade Asociación Carballido de Servizos Sociais para contribuír ao financiamento dos gastos derivados da execución durante o exercicio 2023 do proxecto da Escola do Maior, a través da concesión directa dunha subvención pública.

Este proxecto radica nunha zona de montaña onde existe unha grande despoboación da xente xove que provoca unha carencia de cuidadores da maioría das persoas maiores e que leva consigo a institucionalización de moitos. O proxecto da Escola do Maior ten ese carácter integrador, preventivo e asistencial destinado á recuperación e mantemento da autonomía persoal destes maiores evitando o internamento en institucións e favorecendo o mantemento no medio social habitual, xa que, como zoa de montaña, ten unha grande taxa de envellecemento e dispersión. A Escola do Maior cumpre ademais a misión de benestar dos familiares en tanto que diminúe a carga das persoas dependentes, ofrece recursos de proximidade e prevén as situacións de dependencia daqueles maiores que aínda gozan de autonomía paliando ao mesmo tempo as situacións de illamento social. Con esta labor social promóvese o envellecemento activo á vez que se xera a prevención da dependencia e favorece a autonomía persoal, polo que a Escola do Maior é a alternativa única ao internamento en institucións ao favorecer o mantemento no medio social habitual e coas condicións óptimas de prevención da dependencia.

**Sexto.-** Que conforme ao disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Carballido de Servizos Sociais leva a cabo a Escola do Maior no antigo C.E.I.P. de Carballido, situado na parroquia Fonsagrada de Santa Marta de Carballido. Esta parroquia conta con 200 habitantes dos cales máis da metade superan os 60 anos. É un proxecto que presta apoio a persoas maiores que viven en soidade, con autonomía suficiente, non dependentes, co fin de facilitar a súa vida persoal e social e promover un envellecemento activo. Deste xeito estas persoas poden seguir coa súa vida cotiá na súa residencia habitual coa axuda e atención que se lle presta dende a asociación. Con este proxecto preténdese crear oportunidades que garantan o acceso ao sistema de servizos sociais das persoas maiores que residan en áreas con altas taxas de envellecemento e dispersión.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características das actividades que se van financiar así como ao colectivo ao que van dirixidas, e por outra, a ausencia no ámbito territorial de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos amplamente cualificados como son ATS, avogados, historiadores,



coidadores, TASOC, xoves agricultores, enxeñeiros e empresarios e que ofrecen unha visión única e moi enriquecedora a este proxecto integrador que é a Escola do Maior, son razóns que xustifican a concesión directa dunha subvención.

Así mesmo, as actuacións do programa recollidas na cláusula segunda, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas maiores, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, conforme ao art.19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

### **ACORDAN**

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo a execución do proxecto da Escola do Maior para a atención ás persas maiores de 60 anos que aínda gozan de autonomía, paliando así as situacións de illamento social que sofren.

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA. *Obxecto***

O obxecto do presente convenio é contribuír a través da concesión directa dunha subvención ao financiamento por parte de Consellería de Política Social e Xuventude dos gastos derivados da execución do proxecto da Escola do Maior durante o exercicio 2023 con suxeición os seguintes obxectivos:

- a) Atrasar a institucionalización das persoas maiores.
- b) Contribuír á atención e prevención da dependencia.
- c) Mellorar a calidade de vida das persoas maiores e da poboación en xeral.
- d) Promover e favorecer a autonomía persoal dos usuarios.
- e) Evitar o illamento social.

O proxecto realízase contando con persoal contratado pola entidade beneficiaria para a realización de actividades.

#### **SEGUNDA. *Actuacións subvencionables***

As actuacións subvencionables que forman parte do proxecto durante o período de vixencia do convenio teñen un carácter integral para mellorar a calidade de vida das persoas maiores e son as seguintes:

- a) Musicoterapia
- b) Reminiscencias: evocar recordos do pasado
- c) Gamificación terapéutica: conseguir un fin terapéutico previamente marcado a través de xogos.



- d) Orientación espacial e temporal
- e) Proxeccións de series, películas, e documentais, actividades deportivos de carácter social e cultural.
- f) Estimulación psicomotora.
- g) Saídas ao exterior programadas.
- h) Actividades da vida diaria e instrumentais: cociña, costura e uso de novas tecnoloxías.
- i) Estimulación cognitiva
- j) Actividades ocupacionais como xardinaría e traballos manuais.
- k) Conferencias sobre a saúde.

### **TERCEIRA. Obrigas e documentación inicial**

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto coa descrición das actuacións do proxecto a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto e actuacións, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscriba pola persoa representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

### **CUARTA. Orzamento**

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións do proxecto que ten previsto desenvolver a Asociación Carballido de Servizos Sociais é de 37.290,00€.

Segundo a Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, está previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

Para o cumprimento da finalidade das actuacións do proxecto descritas na cláusula primeira deste convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude achegará **trinta e sete mil euros (37.000,00 €)** que serán imputados á aplicación orzamentaria **13.05.312E.481.1** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.





### **QUINTA. Obrigas da entidade como beneficiaria**

A Asociación Carballido de Servizos Sociais deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedinte, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle á entidade concedinte a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do proxecto e nos lugares onde estas se realicen "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude" co seu respectivo logotipo.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Asemade, a entidade beneficiaria estará obrigada a subministrar á Consellería de Política Social e Xuventude logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro



de de transparencia e bo goberno. No caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da citada lei.

#### **SEXTA. *Compatibilidade con outras subvencións***

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

#### **SÉTIMA. *Forma de pagamento***

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 40% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio para o pagamento dos salarios mensuais das dúas auxiliares sociosanitarias e dos monitores dos talleres.
- b) O 60% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do proxecto a subvencionar polo convenio e aportando a documentación indicada na cláusula oitava.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### **OITAVA. *Gastos subvencionables e xustificación***

O importe da subvención destinarase a cubrir o gasto corrente e o gasto de persoal derivado da execución do proxecto da Escola do Maior durante o exercicio 2023 conforme ao establecido na memoria económica.

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi





efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o 10 de decembro de 2023.

Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria, No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín da persoa provedora.

Coa xustificación final dos gastos a subvencionar a través deste convenio ou, en todo caso, ao remate deste, A Asociación Carballido de Servizos Sociais remitirá á Consellería de Política Social e Xuventude, a seguinte documentación:

a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro do proxecto a subvencionar a través deste convenio.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º. Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación. Así mesmo nos gastos comúns a outras finalidades distintas a este convenio deberán establecer a porcentaxe destinada a este convenio.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Nas facturas terán que facer referencia á imputación a este convenio.

3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no 1º parágrafo.

4º. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

5º. Os 3 orzamentos que deba ter solicitado o beneficiario, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 € pola prestación de servizos.

6º. Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) Declaración complementaria e actualizada comprensiva de todas as axudas e subvencións concedidas para o mesmo proxecto, indicando que non hai ningunha pendente de resolución, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

Tendo en consideración que parte do gasto imputable é de persoal, conforme ao establecido no orzamento do proxecto, deberá de concretarse aos efectos da súa xustificación e referida á mensuralidade ou mensuralidades polas que se solicita a seguinte documentación:

a) Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do proxecto subvencionado.

b) Recibos de salarios

c) Documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e documento de Relación de liquidación de cotizacións (RLC) dos traballadores correspondentes ao meses imputados.

d) Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais de 2023 liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflecta o importe da retención ou cotización indicadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2024.

### **NOVENA. *Subcontratación***

A Asociación Carballido de Servizos Sociais é a entidade beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 46 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, para a debida execución das actividades programadas, de acordo co recollido na memoria económica.

A Asociación Carballido de Servizos Sociais, no seu caso, comunicará, a subcontratación á Consellería de Política Social e Xuventude. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.





### **DÉCIMA. *Inexistencia de relación laboral***

A Asociación Carballido de Servizos Sociais queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo ningún tipo de relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actividades obxecto do proxecto a subvencionar, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

### **DÉCIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegros e sancións***

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.

### **DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia e efectos***

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Non obstante, os gastos das actuacións subvencionadas a través do presente convenio que realizase a Asociación Carballido de Servizos Sociais dende o 1 de xaneiro de 2023 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.



### **DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas da publicidade***

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

### **DÉCIMO CUARTA. *Información básica de protección de datos persoais***

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán





fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

#### **DÉCIMO QUINTA. Comisión de seguimento**

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes da Asociación de Carballido de Servizos Sociais, designados por cada unha das partes así como os seus suplentes. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración.

A persoa que exerza a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, deberá ser unha persoa adscrita a Dirección Xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria e será designada pola persoa que asuma a presidencia así como a persoa que a supla.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **DÉCIMO SEXTA. Réxime xurídico**

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8



de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurridas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo dun mes.

Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso.

Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e  
Xuventude

A conselleira

Pola Asociación de Carballido de Servizos  
Sociais

O presidente

Fabiola García Martínez

Antonio Manuel Fernández Díaz

